

A photograph of a woman's lower half, showing her maroon dress and dark blue shoes as she walks on a stone wall. The image is partially obscured by white text boxes on the right side.

Espazos sonoros

músicas en espazos de
interese cultural <<<<

Do 3 de setembro ao 18 de outubro de 2016

espazossonoros.org
cultura.gal

XUNTA DE GALICIA

Espazos sonoros

Organiza

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Dirección artística

Belén Bermejo López

Redacción

Andrés Díaz Pazos e Belén Bermejo López

Asesoramento lingüístico

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coordinación

Asociación Cultural Silva de Sons

Imaxe e comunicación

Sirgo Torcendo

Deseño, maquetación e documentación gráfica

Mauro Sanín Leira

Imprime

Gráficas Garabal

DL: C 1078-2016

Espazos sonoros

A música, a paisaxe, a arquitectura son capaces de producir en nós as máis intensas emocións. Espazos Sonoros propón un diálogo entre os elementos artísticos e patrimoniais, enchendo de música lugares singulares do noso contorno, para ofrecernos unha vivencia nova e única en cada unha das citas deste ciclo. A igrexa de San Salvador de Vilar de Donas, en Palas de Rei, o castelo de Monterrei, o castelo de Santa Cruz, na Guarda, ou o pazo de Liñares, en Lalín, son algúns dos espazos patrimoniais, civís e relixiosos, nos que poderemos escoitar agrupacións de estilos e procedencias diversas, como o Ensemble Gilles Binchois, Le Miroir de Musique, La Xácara, os galegos Solo Voces con Adrián Regueiro na rolda pola paisaxe dos órganos históricos, ou a pianista Paula Ríos, encargada de recuperar a obra para piano de Rosa G. Ascot e Xesús Bal y Gay.

Nesta novena edición, xa son moitos os fieis seguidores de Espazos Sonoros que percorren co ciclo o territorio galego á descuberta do patrimonio do país e da boa música. Sen dúbida, o percorrido ao que cada ano nos convida este ciclo é unha estupenda oportunidade para coñecer Galicia enteira e o seu vizoso patrimonio sonoro, cultural e creativo.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Espazos sonoros

De novo a voltas coa identidade. A busca dunha identidade cultural de noso nun mundo en proceso de cambio, globalizador e uniformizador, un mundo no que resulta difícil orientarse e identificarse co propio e co íntimo no vórtice das tendencias. Un mundo no que atopar referentes no medio da despersonalización que provoca a imposición de gustos e a destrución de valores resulta fundamental para acadar o benestar das persoas nun contexto económico e social, acotío desestabilizador e negador do individuo.

Na idea da aposta polas persoas, da contribución á construción dunha conciencia identitaria arredor da música e do patrimonio e a súa defensa nun contexto globalizado, botamos a andar a novena edición de Espazos Sonoros como espazo para o encontro, para a tolerancia, para o diálogo intercultural e interxeracional, para o recoñecemento e valorización do propio, para a busca de respostas ás inxedanzas que nos formula a vida cotiá a través da experiencia que proporcionan a música e o coñecemento íntimo do espazo no que esta se fai perceptible.

Introducímonos, unha vez máis, nos camiños do coñecido e do descoñecido lonxe de medos e prexuízos, fronte ao propio ou ao alleo, abrazando a tradición sen escapar da modernidade, cunha programación que estreita lazos con outros países e culturas ao tempo que procura o intercambio e a colaboración entre artistas e o achegamento entre as persoas, nun intento de situármolos e proxectármolos no mundo, sen renunciarmos á nosa propia maneira de ser e sensibilidade.

Belén Bermejo López
Directora artística do festival Espazos Sonoros



SETEMBRO

Domingo 3, 20.00 h **Le Miroir de Musique** ...páx. 08
IGREXA DE SANTIAGO DE CEREIXO, VIMIANZO (A CORUÑA) ...páx. 32
 Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta pola ribeira do río Grande ...páx. 09

Sábado 10, 19.00 h **Tres pesos** ...páx. 10
MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA, RIBADAVIA (OURENSE) ...páx. 34
 Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta fluvial de Ribadavia a Francelos ...páx. 11

Domingo 11, 19.30 h **César Prata & Ariel Ninas** ...páx. 12
CASTELO DE SANTA CRUZ, A GUARDA (PONTEVEDRA) ...páx. 36
 Coñece o teu patrimonio: ás 11.30 h, xornada no Baixo Miño: entre viñas e fortes ...páx. 13

Sábado 17, 17.30 h **Solo Voces e Adrián Regueiro** ...páx. 14
SANTA MARÍA A REAL DO CEBREIRO, PEDRAFITA DO CEBREIRO (LUGO) ...páx. 38
 Coñece o teu patrimonio: ás 10.45 h, roldas pola paisaxe organística galega ...páx. 15

Domingo 18, 19.00 h **La Compagna** ...páx. 18
SAN SALVADOR DE VILAR DE DONAS, PALAS DE REI (LUGO) ...páx. 40
 Coñece o teu patrimonio: ás 17.30 h, visita guiada ...páx. 19

Sábado 24, 19.00 h **La Xácara** ...páx. 20
CASTELO DE MONTERREI, MONTERREI (OURENSE) ...páx. 42
 Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada ...páx. 21

OUTUBRO

Sábado 1, 17.00 h **Obradoiro de achegamento á música antiga** ...páx. 22
PAZO DE LIÑARES, LALÍN (PONTEVEDRA) ...páx. 44
 Coñece o teu patrimonio: ás 16.00 h, visita guiada ...páx. 23

Sábado 8, 20.30 h **Ensemble Gilles Binchois** ...páx. 24
IGREXA DE SANTA MARÍA, BAIONA (PONTEVEDRA) ...páx. 46

Sábado 15, 19.00 h **Wilfried Rogl & Rosarum Flores** ...páx. 26
PAZO DE MARIÑÁN, BERGONDO (A CORUÑA) ...páx. 48
 Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada ...páx. 27

Martes 18, 20.00 h **Paula Ríos** ...páx. 28
REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES NOSA SEÑORA DO ROSARIO (A CORUÑA) ...páx. 50
 Paisaxes arredor da figura de Rosa García Ascot

Espazos sonoros

Programa... 2016 >>

COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2016.

DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a entrada libre ata completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas sinaladas no catálogo é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas.

Cada persoa poderá facer un máximo de catro reservas.

Para a reserva deberase achegar o nome completo de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade deberase presentar o código de referencia da reserva recibida por correo electrónico coa confirmación da inscrición.

Imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas a través do enderezo electrónico actividades@espazossonoros.org

Información actualizada en www.espazossonoros.org

www.espazossonoros.org

Le Miroir de Musique ...///

Igrexa de Santiago de Cereixo, Vimianzo (A Coruña)

Domingo 3 de setembro >> 20.00 h

CONCERTO INAUGURAL

AU DIEU D'AMORS

NAS ORIXES DO AMOR CORTÉS: OBRAS DE GUIRAUT RIQUIER, JAUFRE RUDEL, ADAM DE LA HALLE E GUILLAUME DE MACHAUT

Mathias Sperry, voz e percusións
Tobie Miller, frautas, zanfona e voz
Baptiste Romain, fídula, cornamusa e canto

Baixo este suxectivo título, o programa fai un percorrido polas diferentes sonoridades vocais e instrumentais que se desenvolveron en Francia entre os séculos XII e XIV e trata de ilustrar musicalmente a metamorfose que, neste período, se produciu con respecto á concepción do amor humano. Para iso, o repertorio escollido toma como punto de partida a obra dos trovadores, poetas-músicos orixinarios do sur de Francia, inventores dun novo tipo de lírica profana que axudaría a codificar as normas do denominado amor cortés. A partir de aí, o programa vai desvelando a posterior evolución do talento creativo arredor dos tópicos do amor cortés, na obra dos chamados trobeiros, que exerceron no norte de Francia, ata chegar ao último dos seus representantes, Guillaume de Machaut, unha das personalidades máis destacadas do mundo artístico europeo do século XIV.

Le Miroir de Musique é un grupo especializado na interpretación de música medieval e de comezos do Renacemento, desde a idade dourada dos trovadores ata o humanismo do século XVI. Dirixido por Baptiste Romain, o conxunto ten a súa sede en Basilea e nel conflúen algúns dos máis prolíficos e virtuosos intérpretes da última xeración de músicos graduados na Schola Cantorum, un dos máis reputados centros de estudo e investigación da música antiga. Le Miroir de Musique toma o seu nome da obra do tratadista Jacques de Liège, *Speculum Musicae*, co que simboliza o seu obxectivo de interpretar estes repertorios con absoluta fidelidade ás fontes orixinais, coma se dun espello se tratase, combinando unha gran riqueza de sonoridades e un elevado nivel de virtuosismo na interpretación vocal e instrumental.

miroirdemusique.com



>> Ruta pola ribeira do río Grande

Vimianzo (A Coruña)

Domingo 3 de setembro >> 15.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Con motivo do concerto inaugural, e para ir quenando motores para posteriores xornadas da programación, propoñemos unha primeira andaina pola fermosísima contorna da igrexa de Santiago de Cereixo, a carón do río Grande. A camiñada partirá da igrexa para continuar polo paseo fluvial cara a Ponte do Porto e seguir ata Carantoña, por unha paraxe de grande interese natural e paisaxístico caracterizada polo bosque de ribeira e abundantes elementos de interese etnográfico como os muiños que se atopan á beira do río.

Ademais deteremos a nosa ollada na historia e nas características arquitectónicas de elementos como as torres de Cereixo, do século XVI, unha construción na súa orixe de carácter defensivo, levantada para protexerse contra os saqueos dos normandos, a igrexa románica de Santiago de Cereixo, que conserva a representación máis antiga en pedra da *Translatio Beati Iacobi*, ou un muiño de marea, do século XVII, que aproveitaba para o seu funcionamento tanto as augas que baixaban do río como a subida da marea na ría.

Hora e lugar de encontro: 15.00 h, na igrexa de Santiago de Cereixo, xunto ao carballo
Duración: 2 horas e media aprox.
Distancia: 8 km aprox.
Dificultade: baixa
Capacidade máxima: 60 persoas
Inscripción: do 20 ao 31 de agosto en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Calzado cómodo para camiñar
- _Unha botella de auga, chocolate e unha mazá
- _Unha gorra para o sol, impermeable por se chove



Sábado 10 de setembro >> 19.00 h

ACTA FUNDACIONAL MÚSICA DE RAÍZ, MÚSICA DE HOXE

Felisa Segade, voz e percusións tradicionais
Xosé Antón Ferreira, gaita, clarinete, voz e percusións
Estevo Lamas, acordeón, voz e percusións

Felisa Segade, Estevo Lamas e Xosé Antón Ferreira (Pepe de Calo), tres músicos de fonda traxectoria no eido da música tradicional, son os impulsores do proxecto Tres Pesos. Tres xeitos de facer, tres adictos á nosa música, tres caras da mesma moeda. Un proxecto, un soño. Tres voces e tres

vidas vinculadas a dúcias de proxectos culturais, Malveiras, Colexiata, Pradairo, Limagoia, A Ponte Vella, Ker-cuez, Estivada de Calo, Arreixeira, Leilía, Liceo de Noia ou Brincadeira. Centos de horas sobre o escenario e miles fóra del, soñando coa nosa música, coa nosa tradición. Dúcias de mestres e centos de alumnos aos que veñen formando no ámbito da música tradicional e centos de colaboracións en diferentes proxectos cos máis importantes artistas galegos e do resto do mundo.

O proxecto nace en 2013 e ao ano seguinte gravan o seu primeiro traballo, *Acta fundacional*, nove temas que resumen a esencia do que son os Tres Pesos, música de raíz, música de hoxe.

trespesos.tk



COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 10 de setembro >> 15.00 h

Ao noso paso pola comarca do Ribeiro, e como antesala do concerto que terá lugar no Museo Etnolóxico de Ribadavia, propoñemos unha ruta que sairá do propio museo para seguir o camiño á beira do río Avia. Camiñaremos río abaixo ata a foz do Avia, no punto no que o río conflúe co Miño, pasando polo Muíño da Raíña e as Ínsuas, ata chegar a Porto Corbeira, un peirao coñecido popularmente como A Barca, pois alí colliase tradicionalmente unha embarcación que permitía cruzar ao outro lado do Miño. Continuaremos camiñando entre viñas, pola beira do río, ata a pequena igrexa de San Xes de Francelos do século IX, para seguir cara á praza do Cruceiriño, no lugar de Francelos, e a rúa do Pouso, que leva ata unha ponte medieval do século XV. A andaina continúa, por un tramo do antigo Camiño Real que unía Ribadavia con Tui, Santiago e Pontevedra, ata a granxa vitivinícola de Outeiro, unha antiga explotación que data do século XII e que pertenceu aos monxes de Melón, a cal tivo unha actividade continuada, incluso logo da desamortización, ata mediados do século XX. Desde o alto da granxa deterémonos para contemplar o val de Valparaíso.

Trátase, no seu conxunto, dunha paraxe de gran riqueza etnolóxica, natural e paisaxística, na que se observa unha fonda pegada da man transformadora das persoas que ao longo dos séculos traballaron e fixeron produtivas estas terras. O camiño conduciranos finalmente ata o Pociño de Francelos, as pozas naturais que forma o río Brul, tamén coñecido como río Outeiro, ao seu paso pola aldea. E de volta a Ribadavia.

Hora e lugar de encontro: 15.00 h, diante do Museo Etnolóxico de Ribadavia

Duración: 2 horas e media aprox.

Distancia: 8 km

Dificultade: baixa

Capacidade máxima: 70 persoas

Inscrición: do 27 de agosto ao 7 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _ Calzado cómodo para camiñar
- _ Unha botella de auga
- _ Unha gorra para o sol
- _ Un impermeable por se chove
- _ Chocolate e unha mazá

Ariel Ninas e César Prata ...///

Castelo de Santa Cruz, A Guarda (Pontevedra)

Domingo 11 de setembro >> 19.30 h

CANTOS DE CEGO DE GALICIA E PORTUGAL

César Prata, voz, guitarras, violas, adufe, *loops*
Ariel Ninas, voz, zanfona, harmónica, *loops*

Este dúo conformado por músicos procedentes de Galicia e Portugal presenta unha proposta arredor dun personaxe singular na cultura musical universal, a persoa invidente que canta e fai música, e o seu repertorio recollido en ambas as beiras do Miño. Un conxunto de cancións de temática común: crimes, romances, parrafeos de namorados, desgarrada, feitos históricos, cancións de orixe sefardí, historias que durante séculos, desde a Idade Media ata os nosos días, acompañaron a paisaxe sonora de feiras, romarías e rúas.

Dous músicos de ambos os países, Galicia e Portugal, recrean estas cancións cunha variada instrumentación —zanfona e guitarra, viola braguesa, concertina, harmónica, adufes e percusións miúdas— nun programa composto, a partes iguais, por melodías galegas e portuguesas, recollidas en cancioneiros ou rexistradas directamente de informantes de Mesía, Pinhel, A Guarda, Fonsagrada ou Viseu. Estas cancións graváronas recentemente para formar parte do primeiro disco do dúo.

A fortaleza, castelo de Santa Cruz, na Guarda simboliza mellor ca ningún outro este punto de encontro, lugar fronteirizo e defensivo entre as dúas marxes do Miño que se unen, a través das músicas da tradición galega e portuguesa, arredor da chamada “literatura de cordel”.

artistas.folque.com/cantos-de-cego



>> Xornada no Baixo Miño: entre viñas e fortes

O Rosal e A Guarda (Pontevedra)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 11 de setembro >> 11.30 h

Nesta xornada achegarémonos aos confíns máis meridionais do país na desembocadura do Miño, fronteira natural entre Galicia e Portugal, nunha zona caracterizada por un microclima amable no que abundan, canda plantacións de kiwis ou mirabeis, plantacións de viñas produtoras dos apreciados viños do Rosal, que conviven con numerosas fortificacións militares transfronteirizas, xurdidas das guerras que enfrontaron a España e Portugal, e que configuran unha das arquitecturas militares máis interesantes do século XVII en Europa.

A xornada permitirá un achegamento á cultura e á paisaxe vitivinícola dunha das subzonas da denominación de orixe Rías Baixas, a dos viños do Rosal, mediante un percorrido a pé de viña polas plantacións das adegas Terras Gauda para coñecer as características dos viños que se producen nesta zona, as variedades de uva e outras singularidades do proceso de elaboración do viño, coincidindo co momento de máximo esplendor da paisaxe, antes do comezo da vendima.

Pola tarde, desprazarémonos ata o castelo de Santa Cruz, unha fortificación abaluartada, situada na Guarda, de planta romboidal, da que se conservan tamén tramos de foso e que podemos coñecer en visita guiada nos seus aspectos tanto históricos, vinculados á Guerra de Restauración, como tipolóxicos, no contexto das fortalezas construídas na

Idade Moderna entre os séculos XVI e XVII, sobre todo no Baixo Miño, prestando especial atención ás súas razóns e funcións defensivas.

A xornada rematará cun concerto de irmandamento entre as dúas marxes do Miño, cun programa musical no que se interpretarán cantares de cego de Galicia e Portugal, a cargo do portugués César Prata e o galego Ariel Ninas.

11.30 h Encontro nas adegas Terras Gauda (O Rosal), xunto á caseta-tenda de madeira, percorrido guiado a pé de viña e degustación de viños na adega

14.30 h Comida (opcional, prezo 15 euros)

17.30 h Visita guiada polo castelo de Santa Cruz

19.30 h Concerto de César Prata e Ariel Ninas

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 27 de agosto ao 7 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

_Calzado cómodo para camiñar

_Unha gorra para o sol

_Un impermeable por se chove

Sábado 17 de setembro >> 17.30 h

BEATI OMNES QUI TIMENT

CONCERTO DE ÓRGANO E CONXUNTO VOCAL

Solo Voces

Dir. Fernando G. Jácome

Adrián Regueiro, órgano

Como remate á xornada de rolda pola paisaxe organística polo Camiño de Santiago, agárdanos, na igrexa de Santa María do Cebreiro, a escoita dun concerto a cargo de Solo Voces, unha das formacións vocais máis consolidadas do panorama musical galego acompañada do organista Adrián Regueiro. Fundado en 1992, Solo Voces leva traballado, ao longo de todos estes anos, diversos ámbitos do repertorio coral, desde música popular e tradicional ata música clásica de diversas épocas e estilos, desde o gregoriano ata a música de autores contemporáneos, poñendo especial énfase na obra de autores galegos. Adrián Regueiro é pianista e organista e ten ofrecido xa, malia a súa idade, numerosos concertos de órgano en diversos instrumentos de Galicia e Portugal, unha faceta, a de concertista, que compaxina coa de organista da catedral de Santiago.

Para a ocasión preséntase un programa variado, co aliciente da estrea dun himno de vésperas, *Beati omnes qui timent Dominum*, que lle dá título ao programa, e un *magnificat*, extraídos de dous cantoras polifónicas da catedral de Lugo, transcritos e recuperados para a ocasión polo músico e investigador Andrés Díaz Pazos. Canda estas dúas estreas serán interpretadas outras pezas instrumentais para órgano solista, algunha outra do repertorio histórico dos arquivos das catedrais galegas e outras obras da polifonía renacentista ibérica.

www.solovoces.com



COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 17 de setembro >> 10.45 h

A PAISAXE ORGANÍSTICA NO CAMIÑO

FRANCÉS DE SANTIAGO

As roldas pola paisaxe organística galega proseguen a súa andaina, na súa quinta edición, para visitar os órganos que se atopan ao longo da primeira etapa do Camiño Francés á súa entrada en Galicia, desde O Cebreiro ata Sarria, pasando por Samos. Trátase dos órganos do convento da Magdalena de Sarria, da importante abadía de Samos e da igrexa de Santa María a Real do Cebreiro. Cada un deles é un espazo que hoxe ten diferente carácter e uso: convento mercedario e colexio o primeiro, mosteiro cisterciense o segundo, e santuario con categoría de parroquia, o terceiro. Porén, todos eles, conectados polo fío do Camiño de Santiago, teñen unha orixe máis ou menos similar como fundacións monásticas, un carácter que na actualidade só conserva realmente Samos. Tamén os tres tiveron desde a súa fundación unha clara vocación hospitalaria, que aínda hoxe preservan.

Por ese camiño polo que transitaron ao longo dos séculos tantas xentes, de seguro que pasaron tamén músicos, organistas e organeiros que traballaron nos órganos que ornamentaban as igrexas que ao longo do percorrido se foron levantando. Ademais dos tres espazos que imos visitar, nos que hoxe en día aínda podemos atopar un órgano, ta-

mén sabemos que houbo órgano e organista en San Xoán de Portomarín, e aínda quedan a caixa, algún tubo e outros elementos dispersos do órgano da igrexa do Sancti Spiritus de Melide, que pertenceu no pasado aos Terceiros Franciscanos. Exceptuando o caso de Samos, non dispoñemos de moitos datos significativos sobre estes órganos do Camiño de Santiago, especialmente no de Sarria e no Cebreiro, aínda que no primeiro caso é máis que probable que na igrexa houbera xa un órgano desde séculos pasados. Cando os Mercedarios reocupan o convento dos Agostiños Calzados en 1896, obtéñen a cesión dun órgano procedente do mosteiro de Poio, que é o que hoxe se preserva, aínda que sen uso. Pouco sabemos tamén sobre a posible presenza dun órgano no máis humilde, pero non menos importante, santuario do Cebreiro. Porén, e por virtude e desexo do que foi o seu párroco, Elías Valiña Sampedro, figura esencial na recuperación do Camiño e na restauración da propia igrexa, o santuario conta cun instrumento moderno, saído do taller do mestre organeiro Federico Acitores.

Caso moi diferente debeu de ser o da importantísima abadía de Samos, no que se constata a existencia dun órgano desde antes do Renacemento. Hoxe

quédannos as dúas impresionantes caixas barrocas dos órganos xemelgos, realizadas entre 1729 e 1733, cando era abade Antonio Arias.

A visita a estes tres órganos, aínda que moi diferentes en canto á tipoloxía e datación, ofrece grande interese tanto pola entidade dos espazos que visitaremos ao longo do percorrido, como tamén polo feito de que ofrece unha visión diferente da paisaxe organística galega, que vai desde a etapa de maior

esplendor da organeira ata a súa decadencia, logo da desaparición das capelas musicais, das sucesivas desamortizacións e do posterior abandono que sufriu este patrimonio ao longo de case dous séculos.

A xornada rematará, como é habitual, cun concerto, neste caso de órgano e conxunto vocal, na igrexa de Santa María do Cebreiro, a cargo do coro Solo Voces e do organista Adrián Regueiro.

Programa da visita:

- 10.45 h Xuntanza no mosteiro de Santa María Magdalena de Sarria. Charla contextualizadora da xornada e visita ao órgano
- 11.45 h Saída cara ao mosteiro de San Xulián de Samos
- 12.30 h Chegada a Samos, visita guiada polo mosteiro e visita guiada ao órgano
- 14.00 h Xantar libre
- 16.30 h Visita ao órgano do Cebreiro
- 17.30 h Concerto do coro Solo Voces e Adrián Regueiro

Capacidade máxima: 60 persoas
Lugar de encontro: mosteiro de Santa María Magdalena de Sarria
Inscripción: do 3 ao 14 de setembro en actividades@espazossonoros.org
Público: para todos os públicos



La Compagna ...///

San Salvador de Vilar de Donas, Palas de Rei (Lugo)

Domingo 18 de setembro >> 19.00 h

A DIALOGUE

DÚOS INGLESES E ITALIANOS PARA LAÚDES
RENACENTISTAS

María Luz Martínez e Rafael Muñoz, laúdes
renacentistas

La Compagna é un dúo formado polo galego Rafael Muñoz e a andaluza María Luz Martínez, que naceu coa intención de afondar na interpretación dos repertorios de música para laúde renacentista, sobre todo dúos para laúde, un repertorio aínda descoñecido, pero dun exquisito refinamento compositivo.

Os compoñentes de La Compagna teñen unha fonda formación académica no eido da música antiga e da corda pulsada, con estudos de posgrao na Staatliche Hochschule für Musik de Trossingen (Alemaña), un dos centros de referencia para o estudo e interpretación da música antiga, baixo a dirección de mestres como Rolf Lislevand, co que traballaron a fondo estes repertorios. Cunha intensa carreira como concertistas, os músicos integrantes desta singular formación, levan ofrecido concertos en Alemaña, Suíza, Italia e España, tanto a dúo como en colaboración con outras formacións de renome como Poème Harmonique, Los Músicos de Su Alteza, Salzburger Bach Choir ou La Bellemont.

O programa está centrado nos duetos italianos e ingleses para laúde, un repertorio dunha elevadísima calidade que mostra, ao tempo, o marcado contraste existente, en canto ao estilo compositivo, entre ambos os dous países. No concerto teremos oportunidade de escoitar obras de John Dowland, Thomas Robinson, Francesco da Milano ou Joan Ambrosio Dalza, entre outros.



>> Visita guiada á igrexa de Vilar de Donas

Palas de Rei (Lugo)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 18 de setembro >> 17.30 h

Nunha fin de semana na que visitaremos diferentes lugares emblemáticos do Camiño Francés de Santiago, teremos tamén a oportunidade de afondar no coñecemento dunha pequena xoia da arquitectura vinculada a esta ruta, a igrexa románica de Vilar de Donas, que foi, entre outras cousas, igrexa monacal pertencente á orde do Camiño de Santiago e que destaca tanto pola súa arquitectura como polas pinturas murais que decoran o presbiterio, cuxa profusa decoración e iconografía poderemos coñecer en detalle.

Hora: 17.30 h

Inscripción: non é precisa inscrición

Sábado 24 de setembro >> 19.00 h

FOLÍAS GALEGAS

MONODÍAS EUROPEAS IN STILE MODERNO: ARIAS, FOLÍAS, XÁCARAS E CHACONAS

Julia Cea, canto

Víctor Illán, guitarra barroca

Valentín Novio, tiorba e guitarra barroca

Ramón Pérez-Sindín, cravo

Pablo Ruibal, viola da gamba

La Xácara é un grupo de recente creación formado por experimentados músicos galegos, que levan décadas dedicados á interpretación de música antiga. A súa intención é a de ofrecer programas de concerto que abranguen un repertorio centrado na música vocal e instrumental española e europea dos séculos XVI e XVII, sobre todo a música que se interpretaba nas representacións teatrais a xeito de entremeses, entre os actos dos dramas e as comedias, cancións, tons e danzas como a xácara, que lle dá nome a esta formación.

O programa do concerto fará un percorrido pola música vocal e instrumental do Barroco, amosando a riqueza e diversidade das músicas do *Seicento* e *Setecento*, cunha escolla de formas afastadas entre si, tanto no tempo como na estética, desde arias de ópera e cantatas ata cancións e danzas populares como diferenzas, chaconas e folías. Entre elas,

interpretaranse as coñecidas *Folías gallegas*, de Santiago de Murcia, recollidas no Códex Saldívar, que lle dan título ao programa e permiten enlazar, ademais, as músicas europeas coas músicas que se desenvolvían, na altura, no Novo Mundo.

laxacara.com



COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 24 de setembro >> 16.30 h

Para coñeceres este enclave estratéxico de orixe medieval, un dos recintos fortificados máis importantes de Galicia e defensa fronteiriza con Portugal, percorrерemos en visita guiada as diferentes partes que compoñen o conxunto, o patio de armas, a igrexa de Santa María de Gracia, o pazo dos Condes, a torre das Damas, e a impresionante torre da Homenaxe, de 22 metros de altura, desde a que se poden contemplar unhas fermosas vistas da paisaxe sobre o val do río Támega.

Hora e lugar de encontro: 16.30 h, no patio de armas do castelo

Inscrición: non é precisa inscrición

>> Obradoiro de achegamento á música antiga

Pazo de Liñares, Lalín (Pontevedra)

Sábado 1 de outubro >> 17.00 h

OUTRAS ACTIVIDADES

RETRATOS SONOROS. O SON DA PINTURA

**Benito Buíde, Nerea Casanova, Víctor Illán,
Pablo Ruibal**

Moderador, Andrés Díaz

Algunha vez pensaches a que soa un cadro? Como soarían as escenas musicais que tantas veces vemos reproducidas nos libros ou contemplamos nos museos de todo o mundo? Que instrumentos son os que se reproducen, en que contexto se tocaban, en que espazos? Que contan eses cadros ademais do que percibimos pola vista? Ao longo da historia da arte atopamos múltiples representacións iconográficas de xentes facendo música. As miniaturas das cantigas, os anxos músicos da pintura flamenga do século XV, os *consorts* isabelinos da pintura inglesa do XVI, a magna sucesión de instrumentos dos gravados de Dürero no *Triunfo de Maximiliano...* A pintura, a escultura, os códices iluminados ofrecen moitas imaxes para reconstruímos un pasado musical e unhas sonoridades das que hoxe podemos gozar grazas ao labor artesanal e investigador de expertos en lutería de todo o mundo.

Desta volta, o noso obradoiro de achegamento á música antiga propón unha viaxe polas artes plásticas para rescatar os sons ocultos nelas e afondar, así, nas interconexións entre estas e a

música, na comprensión do que se pode ver e escoitar dunha obra de arte. Co ton distendido habitual deste pequeno espazo para a difusión e o coñecemento da música antiga, indagaremos e reproduciremos, con música ao vivo, comentada e interpretada con instrumentos de época, escenas de obras pictóricas e outras representacións iconográficas, intentando adiviñar que sons e que músicas as inspiraron.

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 17 ao 28 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Público: para todos os públicos



>> Visita guiada polo pazo de Liñares

Lalín (Pontevedra)

Sábado 1 de outubro >> 16.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Hora: 16.00 h

Inscripción: actividade exclusiva para as persoas participantes no obradoiro de achegamento á música antiga (non precisan inscrición á parte)

Para as persoas participantes no obradoiro de achegamento á música antiga, está prevista, con anterioridade ao comezo da sesión, unha visita guiada polo pazo de Liñares, un espazo que representa un dos mellores expoñentes do que foi a arquitectura palaciana galega, non só polo que aínda se conserva da súa fisionomía, senón pola intensa vida social e tamén cultural que, dentro dos seus muros, se desenvolveu ao longo de séculos. Da man de guías expertos e dun gran coñecedor deste espazo, o investigador Francisco Rubia Alejos, saberemos da historia do pazo, da importancia que acadou ao longo da historia ata a súa decadencia e posterior ruína, e dos detalles da vida cotiá que alí se desenvolveu cando foi residencia de verán da familia dos Taboada.

A visita permitirá percorrer as diferentes dependencias do pazo, no que se atopa tamén o Museo da Marioneta de Lalín, así como os exteriores e xardíns.

<<< Detalle do "Retrato de Sir Henry Unton"
National Portrait Gallery (Londres). Foto: David Holt

Ensemble Gilles Binchois ...///

Igrexa de Santa María, Baiona (Pontevedra)

Sábado 8 de outubro >> 20.30 h

MESSE DE NOTRE-DAME
GUILLAUME DE MACHAUT

Guilhem Terrail, alto
Roman Melisch, alto
Gerd Türk, tenor
Dominique Vellard, tenor e dirección
Giacomo Schiavo, barítono
Emmanuel Vistorky, barítono

O Ensemble Gilles Binchois, creado e dirixido por Dominique Vellard, é un dos grupos de referencia na investigación e interpretación de música antiga, labores que vén desenvolvendo desde hai máis de trinta anos. O Gilles Bichois é autor dalgunhas das gravacións consideradas como obras cume na interpretación dos repertorios medievais e do Renacemento, entre elas, unha extraordinaria colección de gravacións dedicadas ao canto gregoriano, á música de Guillaume de Machaut ou á Escola de Notre-Dame. Ao longo da súa dilatada traxectoria, o grupo vén actuando con regularidade en escenarios de toda Europa, Norte de África, A India, Malaisia, Os Estados Unidos e América do Sur, e goza de todo o recoñecemento pola solidez conceptual e fidelidade histórica das súas interpretacións, así como pola elevada calidade e homoxeneidade interpretativa, no ámbito vocal, duns repertorios nos que mostra unha absoluta mestría.

Nesta ocasión, o grupo interpretará unha das obras cume da historia da música, a *Misa de Nosa Señora*, composta cara a mediados do século XIV polo poeta, músico e clérigo francés Gillaume de Machaut para a catedral de Notre-Dame de Reims. Unha obra que, máis aló da súa enorme complexidade técnica e abstracción intelectual, lle procura á audiencia a descuberta dun discurso musical cheo de lirismo e serenidade, cun gran poder para impactar sen renunciar a unha refinada naturalidade.

gillesbinchois.com



Sábado 15 de outubro >> 19.00 h

QUE NON MURCHE A ROSA DA BELEZA
MÚSICA VOCAL E INSTRUMENTAL INGLESA NO TEMPO
DE WILLIAM SHAKESPEARE

Wilfried Rogl, tenor
Ilse Strauß, frutas de bico
Wolfgang Praxmarer, cistro e arquiolaúde
Anxo Quintela, recitado

“That thereby beautie’s rose might never die...” (Do *Soneto 1* de William Shakespeare, 1564-1616)

No catrocentos aniversario da morte de William Shakespeare, o tenor Wilfried Rogl canda o conxunto austríaco Rosarum Flores recrean o contexto musical no que viviu e traballou este prolífico autor, cuxa obra, sobre todo a teatral, estivo tan estreitamente vinculada á música. O programa presenta unha escolla de música para laúde, composta arredor de 1600, de autores coetáneos do escritor, como John Dowland, Thomas Morley, Robert Johnson ou Jakob van Eyck, que musicaron coas súas composicións textos de Shakespeare. No decurso do concerto recitarase, ademais, na personalísima voz de Anxo Quintela, unha escolma de sonetos para achegar os ouvintes non só á beleza dos sons das músicas inglesas do tránsito ao barroco, senón tamén da obra do autor homenaxeado.

Rosarum Flores é unha formación austríaca composta por experimentados e virtuosos músicos

dedicada á interpretación de música antiga, especificamente de programas que establecen interconexións entre acontecementos, temas ou personaxes históricos e a música que se facía en cada época. Cunha intensa actividade concertística en países como Austria, Italia, Alemaña e España, o grupo colabora habitualmente con músicos do nivel de Bernd Fröhlich, solista de Las Huelgas Ensemble, ou a frautista Linde Brunmayr-Tuzt, entre outros destacados nomes, e con institucións como Landes Museum Ferdinandeum e as Festwochen de Innsbruck, en Austria, ou o mosteiro de Marienberg, no norte de Italia. Nesta ocasión, a formación conta coa colaboración do tenor austríaco Wilfried Rogl, un músico que, malia a súa xuventude, posúe unha notable traxectoria no mundo da lírica e que ten colaborado con dirixentes como René Jacobs e formacións como a Akademie für alte Musik Berlin ou a Capella de la Torre e participado en diversas producións operísticas.

www.rosarumflores.at



COÑECE O TEU PATRIMONIO

Sábado 15 de outubro >> 16.30 h

Hora: 16.30 h (para as visitas ao interior organizáranse varias quendas)

Capacidade máxima: 70 persoas

Inscrición: do 1 ao 12 de outubro en actividades@espazossonoros.org

Como complemento ao concerto do tenor Wilfried Rogl e o Ensemble Rosarum Flores sobre as músicas arredor de Shakespeare, teremos oportunidade de visitar as instalacións do pazo de Mariñán e facer un percorrido guiado polas dependencias da parte antiga do edificio. Tamén poderemos gozar da colección artística do pazo pertencente á Deputación da Coruña, que inclúe obras de autores galegos desde o século XIX aos nosos días. O percorrido inclúe, ademais, en visita libre, un paseo polos diferentes elementos e espazos dos fermosísimos exteriores e xardíns nos que podemos atopar fontes, camelias, roseiras, buxos de complicadas xeometrías, gloriets, árbores exóticas (entre elas os primeiros eucaliptos que chegaron a Galicia da man de frei Rosendo Salvado), unha pequena fraga, ademais das espectaculares vistas sobre a ría de Betanzos.



Paula Ríos ...///

Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario (A Coruña)

Martes 18 de outubro >> 20.00 h

CLAUSURA

VIENTO DE PLATA

PAISAXES ARREDOR DA FIGURA DE ROSA GARCÍA ASCOT

Paula Ríos, piano

“El lirio, la sonrisa velada y la mano delgada. Cúpula amarilla y viento de plata” (En el cumpleaños de R. G. A. “Corona poética o pulsera de flor”, Federico García Lorca, 1898-1936)

Rosa García Ascot foi pianista e compositora e a única muller integrante do Grupo dos Oito, o equivalente musical da Xeración do 27. Muller de talento desbordante, foi alumna de mestres como Falla, Granados, Turina e Boulanger, pero a súa figura quedou eclipsada tanto pola súa vinculación ao que foi o seu home, o compositor, investigador e activista cultural galego, Jesús Bal y Gay, como polos acontecementos históricos que lle tocou vivir no momento de despunte da súa carreira, a Guerra Civil e o posterior exilio en México, que a levaron ao escurecemento e a privaron de ser un referente fundamental da interpretación pianística de vangarda. Ela, canda o seu home, viviu tanto en España como no exilio unha intensa vida intelectual, e cultivou amizades como Lorca ou Stravinsky. Defendeu sempre o compromiso social canda unha declarada vocación de modernidade.

A pianista Paula Ríos, movida pola intención de recuperar a vixencia e a importancia do traballo de Rosa García Ascot, acaba de gravar, coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia, toda a obra para piano da compositora dispoñible na actualidade, onda a obra completa de Bal y Gay para piano e piano e canto. As pezas do disco recollen partituras manuscritas sen publicar que se atopaban no Centro de Documentación da Residencia de Estudiantes de Madrid, e case todas son primeiras gravacións. O título do disco *Viento de Plata* é un verso dun poema que Lorca escribiu para a súa grande amiga Rosa polo seu aniversario. A sesión de clausura do festival estará, logo, dedicada á figura desta singular muller e nela interpretaranse algunhas das obras recuperadas neste excelente traballo discográfico, ao tempo que se contextualizará a compositora no seu tempo, nas vangardas e na Xeración do 27, rememorando o seu paso pola Residencia de Estudiantes e o posterior exilio, un exilio que levou por diante e disgregou a toda unha xeración da chamada Idade de Prata. Unha sesión de clausura dedicada ao recoñecemento do talento da compositora, pianista e muller, e dunha figura esquecida e silenciada, como a de tantas outras mulleres que deixaron a súa pegada invisible ao longo da historia.

paularios.net





Espazos sonoros

Espazos... 2016 >>



www.espazossonoros.org

Santiago de Cereixo

Vimianzo (A Coruña)

Domingo 3 de setembro, 20.00 h >> Le Miroir de Musique

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta pola ribeira do río Grande

CONCERTO INAUGURAL

Case ao fondo da ría, significativamente chamada do Porto, sitúase nun pequeno promontorio natural a igrexa románica de Santiago de Cereixo, ao carón das torres, de orixe medieval, do mesmo nome. Estes dous edificios singulares están rodeados dunha interesante vila medieval. Non é menos impresionante o carballo centenario situado na pequena praciña fronte á igrexa.

É moi probable que tanto as torres como a igrexa tivesen a súa orixe nun porto ou punto defensivo, ao fondo do esteiro do río Grande, que é o que forma a ría de Camariñas. É ben sabido que os romanos, e logo os normandos, usaban estes entrantes naturais de auga como vía para as súas penetracións terra dentro. Así sucedeu, por exemplo, nas veciñas ría de Muros e Noia ou, máis ao sur, na de Arousa, onde se sitúan as torres de Catoira. Xa na Idade Media, cara ao século X, as torres de Cereixo servían de primeira barreira defensiva contra as incursións normandas e o castelo que naceu ao seu redor sería sede señorial das familias dos Traba ou Carantoña. A igrexa serviría ao castelo e tamén como lugar de enterramento dos nobres desas familias.

A pequena pero interesante igrexa é do século XII e foi construída, moi probablemente, por canteiros que viñan de traballar en Compostela. Ten similitudes

estilísticas coa do próximo mosteiro de Moraima e con outras desta zona da Costa da Morte. Un elemento sobresaínte nela é o tímpano da porta sur, que representa o traslado do Apóstolo Santiago na barca, cos seus discípulos, e que é único en toda Galicia; esta imaxe apareceu no reverso de moedas impresas na ceca de Compostela durante a época de Filipe II.

Nos anos oitenta do século XX, á vista da súa notable deterioración, sufriu unha importante restauración. Retirouse o altar barroco, o falso teito onde se descubriron restos das traves orixinais e que agora se poden observar, abríronse ventás que estaban cegadas e chegou ao chan orixinal, cuberto de lápidas e antigos enterramentos. Nun deles, no altar maior, atopouse un enterramento dun home de grande altura, que conservaba un fino cabelo louro e calzado de coiro, moi ben conservado tamén, polo que se especula sobre a súa posible orixe normanda.



Museo Etnolóxico de Ribadavia

Ribadavia (Ourense)

Sábado 10 de setembro, 19.00 h >> Tres pesos

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, ruta fluvial de Ribadavia a Francelos

Situado na histórica vila de Ribadavia (Ourense), o museo ocupa a antiga casa do marqués de Baamonde, un interesante pazo urbano cunha orixe que podería remontarse ao século XVI, aínda que sufriu, posteriormente, diversas modificacións. O edificio conserva aínda dependencias da antiga fábrica, como a cociña, o forno e as adegas, e ten no seu interior un fermoso patio que dá entrada a diferentes zonas do pazo.

En 1908, foi adquirido por don José Martínez Vázquez, quen no seu testamento deixou disposto que o edificio fose destinado a sede benéfico-docente, co nome de Fundación Martínez Vázquez. Así, o pazo desenvolverá unha función docente e acollerá, entre outros, os Irmáns Maristas, o Colexio Akademus ou o Instituto Laboral.

En 1978, foille cedido polo Concello de Ribadavia ao Ministerio de Cultura, que acorda convertelo na sede do Museo de Artes e Costumes Populares, creado en 1969 por iniciativa de Chamoso Lamas. Posteriormente, funcionou como sección etnográfica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. No ano 1993, e unha vez transferida a súa xestión á Xunta de Galicia, deixa de ser sección etnográfica do Museo Provincial ourensán e adquire plena entidade de museo, coa denominación de

Museo Etnolóxico de Ribadavia. Desde aquela, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia acometeu diversas intervencións de rehabilitación, que inclúen a recente renovación da carpintería exterior, a reposición de pavimentos interiores, a reforma da adega, así como as instalacións de seguridade e contra incendios, entre outras.

Os fondos do museo están integrados por obxectos do século XIX ata os nosos días. Entre eles destaca a cerámica procedente de varios núcleos de produción autóctona, tecnoloxía e produción téxtil artesanal, aveños de labranza, mobiliario doméstico, apeiros de pesca fluvial, instrumentos de medida, obxectos asociados ao coidado da vide e produción e almacenaxe do viño, obxectos representativos de oficios tradicionais, maquinaria agrícola e motores da primeira metade do século XX, electrodomésticos, fondos de indumentaria de grupos folclóricos e, con menor representatividade, xoguetes e material escolar.

Conta, así mesmo, cun amplo fondo fotográfico e cun interesante fondo oral, audiovisual e documental, e cunha hemeroteca.

museoetnoloxico.ribadavia-blog.xunta.es



Castelo de Santa Cruz

A Guarda (Pontevedra)

Domingo 11 de setembro, 19.30 h >> César Prata & Ariel Ninas

Coñece o teu patrimonio: ás 11.30 h, xornada no Baixo Miño: entre viñas e fortes

A fortaleza, coñecida popularmente como castelo de Santa Cruz, é unha construción defensiva, das moitas que existen a ambas as dúas marxes do Miño, que ten a súa orixe nas guerras entre Portugal e España, que tiveron lugar a mediados do século XVII e que concluírían en 1668 co Tratado de Lisboa, no que España recoñece a independencia de Portugal. O seu nome púxose en honra de Álvaro de Bazán, marqués de Santa Cruz de Marcenado, capitán xeral da mariña española, finado en 1588 cando trataba de ultimar os preparativos para a saída da Armada Invencible. A construción da fortaleza levouse a cabo durante o reinado de Filipe IV e, segundo consta en fontes documentais, cara a 1664 estaba xa rematada. Na súa construción parece que se empregaron restos da muralla medieval da vila. En 1665, os portugueses asedian a fortaleza que cae, canda a vila da Guarda, en mans portuguesas e permanecen nelas ata 1668. En 1809 foi tamén brevemente ocupada polo exército francés, pero coa axuda de milicianos de toda a comarca organizados pola Xunta de Defensa da Guarda, con sede en Caminha, recupérase o enclave nese mesmo ano.

A fortaleza foi vendida a mediados do século XIX en poxa pública e os seus sucesivos propietarios destinárona a diversos usos, como explotación

agraria e incluso se instalou nela unha fábrica de embutidos de carne de porco, da Sociedade Comercial Lomba y Lomba, que exportaba a Cuba e Porto Rico e que, coa perda das últimas colonias, tivo que pechar. No seu lugar instalou o mesmo propietario unha fábrica de cerámica, La Santa Cruz, provedora da Casa Real.

A planta da fortaleza ten forma de polígono irregular con catro baluartes en ángulos saíntes que sobresaen das murallas: o da Guía, o da Cruz, San Sebastián e Santa Trega. Rodeando a construción existía un foso que dificultaba o acceso desde o exterior e os baluartes dispuñan de garitas para os vixiantes que aínda se conservan. A fortaleza ten dúas portas, a porta da Vila e a do Socorro. Existen planos da edificación que detallaban, a mediados do século XIX, o contorno, os accesos e as construcións que se atopaban no patio interior (cuarteis para as tropas, capela, cortes, almacéns, polvreira, fornos, casa para o gobernador, carnicería) das que non se conserva nada.

O conxunto complétase cunha interesante colección botánica de especies arbóreas, restos das antigas plantacións forestais que se fixeron cando o recinto pasou a mans privadas, entre as que destacan especies como piñeiros de California, os

eucaliptos do patio de armas, cipreses, araucarias, cryptomerias, tileiros, camelias ou palmeira canaria.

O edificio recuperou a súa titularidade pública e pasou a ser propiedade do Concello. Desde 2005, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Educación da Xunta de

Galicia abordou unha rehabilitación integral do castelo, coa recuperación de tramos do lenzo, a limpeza da vexetación e a construción do Centro de Interpretación das Fortalezas Transfronteirizas, que permitirá coñecer os sistemas defensivos existentes na zona.



Santa María a Real do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro (Lugo)

Sábado 17 de setembro, 17.30 h >> Solo Voces e Adrián Regueiro

Coñece o teu patrimonio: ás 10.45 h, roldas pola paisaxe organística galega

A historia do templo do Cebreiro está intimamente vinculada á do Camiño Francés a Compostela. A perda do arquivo durante a Guerra da Independencia privounos de moita información relevante sobre ela e sabemos da súa orixe a través do recollido polo padre Yepes. Orixinariamente foi un hospital, fundado nos comezos das peregrinacións, aló polo ano 836, e estratéxicamente situado nun dos pasos máis duros do Camiño Francés, xusto na entrada do reino de Galicia. No ano 1072 pasa a depender dos frades bieitos San Xeraldo de Aurillac, e no século XVI é priorado dependente de San Bieito de Valladolid, por intercesión dos Reis Católicos, ata a exclaustación no ano 1858. Coa marcha dos frades, o hospital sufriu a ruína e só se preservou a igrexa, con diversos amaños e reformas.

A pesar destas obras e reformas sucedidas na súa longuíssima historia, pénsase que a igrexa conserva no esencial a planta do século IX. Grazas a isto, sabemos que está influída polo estilo das igrexas do prerrománico asturiano e non polo da basílica compostelá, xa que a planta se asemella moito ás primeiras. Nas importantes restauracións de 1962, a igrexa dotouse dunha cuberta de madeira, apoiada nunhas ménsulas de forma curiosa. Nunha das capelas laterais hai unha gran pía bautismal, apta para practicar o bautismo por inmersión. Na

outra está o cáliz, unha patena e dúas ampolas de vidro. O primeiro está relacionado coa famosa lenda do milagre do Cebreiro, segundo a cal, arredor de 1300, un día cunha forte nevada e na que só asistiría á misa un fregués, o crego dubidou da realidade da eucaristía ao menosprezar o esforzo do fregués por ir ver só un cacho de pan e un pouco de viño. Nese mesmo instante, a hostia converteuse en carne vermella e o viño en sangue, a Virxe inclinouse en xesto de saúdo ante o feito, mentres que o crego, vendo o extraordinario suceso, caeu ao chan e morreu. O cáliz, conservado nun relicario obsequio dos Reis Católicos, é unha prezada peza románica, que é a que figura no escudo de Galicia. Arredor desta reliquia tamén hai outra lenda, pois semella que estes mesmos monarcas quixeron levala con eles cando pasaron por alí, en 1486, camiño de Santiago de Compostela. De feito, gardárona no seu tren de bagaxes ao regreso, pero a uns poucos quilómetros de saír do lugar, os cabalos pararon en seco e negáronse a seguir o camiño. Ao deixalos ceibos, volveron para a igrexa, ante o cal a raíña Isabel ordenou a restitución da reliquia ao seu lugar. Outra curiosa lenda conta que, nos días de néboa, os monxes facían soar a campá para orientar os camiñantes.

Desde 1996 a Xunta de Galicia veu realizando distintas intervencións na igrexa dirixidas á restauración e á conservación do monumento; as máis recentes, a incorporación dunha instalación de calefacción, a restauración de fábricas e o acondicionamento do contorno.



San Salvador de Vilar de Donas

Palas de Rei (Lugo)

Domingo 18 de setembro, 19.00 h >> La Compagna

Coñece o teu patrimonio: ás 17.30 h, visita guiada

A igrexa de Vilar de Donas, situada no concello de Palas de Rei, a carón do Camiño Francés de Santiago, pertenceu a un mosteiro fundado cara a mediados do século XII por Arias Pérez de Monterroso e a súa dona. A finais do século XII, o mosteiro foi doado polo deán de Lugo, don Xoán Arias, á nacente orde de Santiago e, nos séculos seguintes, recibiu numerosas doazóns, privilexios reais, propiedades e igrexas na zona. O mosteiro entrará en épocas máis recentes en decadencia. En 1826 xa era tan só un priorado de San Marcos de León. Coas desamortizacións de 1855 e 1856 e a posterior supresión da orde santiaguista, Vilar de Donas quedou reducida a simple parroquia.

A igrexa foi construída en varias fases; comezouse pola cabeceira e o cruceiro e rematouse no primeiro terzo do século XIII. Ten planta de cruz latina, cunha única nave e cruceiro rectangulares, ábsida central semicircular e dúas absidiolas conectadas coa nave transversal. A portada é de arco abucinado de medio punto, con cinco arquivoltas sobre columnas con capiteis profusamente decorados con motivos vexetais, aves, animais e figuras humanas, precedida dos restos dun pórtico que albergaba a portada, de arcos lixeiramente apuntados. Destaca no conxunto

a porta principal, de madeira de castiñeiro, de dúas follas, pintada de cor vermella e decorada na parte exterior con elementos de forxa ornamentados.

Mención á parte merecen as pinturas murais, conservadas detrás do retablo que se atopaba na ábsida, encadradas no denominado gótico internacional. Coñecemos o seu autor grazas á inscrición que di: “NO ANO DE MILL CCCC XXXIV (ANOS) PETRUS NUNII (o MUNI) DE TURIS (o BURIS) ME FECIT”. No conxunto destaca unha escena da Anunciación a ambos os dous lados da ventá central, onde se atopa unha singular representación da virxe grávida xunto ao arcanxo Gabriel. A ambos os lados represéntanse santa Catarina de Alexandría e santa Bárbara portando os seus atributos do martirio e bustos de figuras vinculadas á Anunciación, o profeta Xeremías, o rei David, a Sibila de Eritrea e o profeta Daniel. Por debaixo destas representacións, dúas cabezas de anxos, unha esperta e outra durmida, que representan o Antigo e o Novo Testamento. No nivel inferior, sitúanse unha representación dun Cristo doente, canda o retrato dos reis Xoán II e a súa dona, María de Aragón, monarcas reinantes na altura, e o seu fillo, o príncipe herdeiro, Henrique. Destaca tamén

o retablo pétreo, que orixinarmente estaba situado no altar e que contén representacións da paixón de Cristo, o que conforma unha inusual iconografía da chamada misa de san Gregorio, lenda nacida entre os séculos XIV e XV que narra a aparición de Cristo ao papa Gregorio mentres celebraba a misa, rodeado dos instrumentos da paixón e amosando os seus estigmas.

A Xunta de Galicia veu abordando, desde o ano 1991, diversas intervencións de conservación e restauración na igrexa, nos muros, no adro e nas pinturas murais. As máis recentes, realizadas entre os anos 2012 e 2014, centráronse no retablo lateral do Salvador, na pintura mural da Epístola e na restauración da porta principal da igrexa.



Castelo de Monterrei

Monterrei (Ourense)

Sábado 24 de setembro, 19.00 h >> La Xácara

Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada

O conxunto do castelo de Monterrei é unha das máis interesantes prazas fortes de Galicia, constitúe unha verdadeira acrópole, asentada sobre o antigo castro de Baroncelle. Está situado sobre un val vizoso, nun punto natural de comunicación entre Galicia e Castela, e tamén cara a Portugal. As primeiras noticias históricas sobre o lugar son do século X, cando era vila do conde Menéndez Gutiérrez, pai de san Rosendo. Máis tarde foi unha fortaleza dependente da coroa de Castela que, no século XV, lle cedeu Xoán I a Diego López de Zúñiga, cuxo fillo inicia o vizcondado, posteriormente condado de Monterrei. Ademais das construcións civís residenciais e do pazo-castelo, o conxunto albergaba un hospital de peregrinos, fundado no século XIV, e a igrexa parroquial de Santa María de Gracia, construída no século XIII en estilo románico oxival. Esta ten unha interesante porta orixinal, cun tímpano de gran riqueza. No seu interior destaca a capela dos condes, cun extraordinario retablo de pedra, con escenas da Paixón.

No castelo, os elementos máis destacables son a torre das Damas, de entre finais do século XIII e comezos do XIV, que é a antiga torre da homenaxe, e a torre nova, construída no século XV, que ten 22 metros de altura. As guerras do século XVII con Portugal levaron a modernizar as construcións

defensivas e construíronse diversos baluartes, contramuros e garitas e ampliouse o recinto. En Monterrei houbo tamén dous conventos, o dos franciscanos e outro de mercedarios, fundado cara ao ano 1484. Tivo importancia sobresaínte o colexio dos xesuítas, que xa na segunda metade do século XVI tiña preto de 1200 alumnos, o cal se situaba onde hoxe se atopa o antigo parador. Esta fundación xesuítica debeuse a Alonso de Acevedo e Zúñiga, terceiro conde de Monterrei e neto do arcebispo Alonso de Fonseca. Todas as construcións monacais se arruinaron no século XIX coa desamortización.

No castelo dos condes instalouse tamén unha das primeiras imprentas activas en Galicia, a de Gonzalo Rodríguez de la Pasera, da que saíu no 1494 o Misal Auriense, un valioso incunable do que se conserva un exemplar na catedral de Ourense. É interesante destacar tamén que hai referencias á existencia de órgano na igrexa de Santa María xa no ano 1489. Con posterioridade existen tamén diversas evidencias do uso deste instrumento polos franciscanos desde o século XVI ata a desamortización.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia abordou a rehabilitación do castelo e da igrexa, en diferentes fases, entre os anos 1984 e 2008.



O pazo de Liñares

Lalín (Pontevedra)

Sábado 1 de outubro, 17.00 h >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Coñece o teu patrimonio: ás 16.00 h, visita guiada

Situado na parroquia de San Martiño de Prado, no concello de Lalín, este pazo constitúe un dos mellores expoñentes do que foron as construcións palacianas da comarca do Deza e de Galicia en xeral. De estilo barroco galego, foi construído a finais do século XVII e comezos do XVIII, e foi casa dos Taboada, unha das liñaxes máis importantes de Galicia, na que residiron ata 1920. Neste pazo naceu o coñecido aviador galego Joaquín Loriga Taboada.

O pazo viviu épocas de grande esplendor, especialmente ao longo do século XIX, cando se reunían alí importantes persoeiros pertencentes á burguesía, á curia e á intelectualidade. Por alí pasaron Emilia Pardo Bazán, Ramón Cabanillas ou Otero Pedrayo, que incluso introduciron a memoria do pazo de Liñares na literatura. No primeiro terzo do século XX, o pazo entra en franca decadencia tras a morte de Carlos Taboada y Rada, en 1903, pola mala administración que das propiedades fixeron os seus herdeiros, que conduciron ao embargo do pazo en 1920. A propiedade pasará entón por diversas mans, ata que no ano 2002 foi vendido ao Concello de Lalín. Tras o abandono da propiedade polos Taboada, o pazo sufriu unha progresiva deterioración e o seu estado, no momento da súa restauración, era moi precario. Dos elementos orixinarios do pazo só se conservan as fachadas

de pedra e os muros de cachotería, así como a maior parte da estrutura portante de elementos de madeira. Tamén se conservan algunhas pinturas murais do friso que decoraba o salón principal, unhas curiosas pinturas co retrato dun can que parece que pertenceu á familia, escudos e floróns que decoraban os teitos, os comedeiros das antigas cortes de cabalos, unha pía bautismal, a capela, que se atopaba en estado ruinoso, a fonte da entrada, o forno, o pozo e un lavadoiro.

De forma rectangular, o pazo de Liñares destaca polo seu importante volume, así como por unha cheminea de considerables dimensións e unha solaina na fachada sueste conformada por cinco arcos sustentados por columnas de pedra e balaustrada maciza de cantería. Do resto do mobiliario da casa non se conserva nada, aínda que se ten constancia da riqueza que atesouraba esta construción palaciana, que dispuña de cuartos para a familia e o servizo, biblioteca, arquivo, oratorio, pombal, hórreo, xardíns con froiteiras, horta, fontes e mesmo unha pequena pesqueira no río. Ademais, dispuña de auga corrente conducida por canos de cantería desde unha mina situada a maior altura mediante un sistema de vasos comunicantes, o que non deixaba de ser un luxo naquela altura.

Declarado BIC no ano 2009, en 2011 comezaron os traballos de rehabilitación en colaboración coa Administración estatal e o departamento de Cultura da Xunta de Galicia. Actualmente é a sede do Museo da Marioneta e centro para a realización de

actividades sociais e culturais de carácter público e alberga o centro de restauración arqueolóxica dependente do Museo Provincial de Pontevedra.



Igrexa de Santa María

Baiona (Pontevedra)

Sábado 8 de outubro, 20.30 h >> Ensemble Gilles Binchois

Esta igrexa, de aspecto fortificado, pertence ao denominado románico de transición, tamén chamado oxival, con influencias cistercienses. Disque no século XII existía xa un templo nesa localización que, por un privilexio de 1137 de Afonso VI, pasou a depender do mosteiro de Santa María de Oia pertencente á orde do Císter; ese templo sería substituído por outro, cunhas obras que comezaron a finais do século XII ou comezos do XIII e que remataron no último terzo do século XIII.

A igrexa presenta planta basilical con tres naves de seis tramos e ábsidas rectangulares, a central de maiores dimensións, cubertas con bóveda de canón apuntada. Nas naves reconstruíuse o teito de madeira. A fachada occidental dispón de tres rúas delimitadas por dous contrafortes. A rúa central dispón dunha portada e dun sinxelo rosetón. A porta da fachada presenta un tímpano liso, tres pares de columnas e arquivoltas.

Foi instituída en colexiata a finais do século XV por desexo do bispo de Tui Diego de Muros e tivo tal consideración ata a súa desamortización en 1850. A colexiata tiña doce racións, das cales dúas, por oposición, eran para o oficio de organista e cantor, e outra aplicábase a catro nenos de coro. Sabemos

que no ano 1515 había xa na colexiata un órgano construído por Juan de Entenza que nesas datas estaba a facer outro para a catedral de Tui. Con posterioridade, en 1791, o organeiro compostelán José Benito González de Seixas vai construír un novo, que será o que sobreviva ata o século XX, cando órgano e coro foron retirados da nave central.



O pazo de Mariñán

Bergondo (A Coruña)

Sábado 15 de outubro, 19.00 h >> Wilfried Rogl & Rosarum Flores

Coñece o teu patrimonio: ás 16.30 h, visita guiada

O pazo de Mariñán, situado no concello de Bergondo, no lugar de Mariñán, na comarca das Mariñas, á beira da ría brigantina foi, na súa orixe, unha edificación defensiva mandada construír, no século XV, por Gómez Pérez das Mariñas, un nobre da corte de Xoán II, que recibiu por concesión deste o señorío das Mariñas e que participaría dunha maneira activa nas loitas irmandiñas. O pazo foi herdándose de pais a fillos nunha liña xenealóxica que, sen rupturas, desemboca en Gerardo Bermúdez de Castro y Suárez de Deza, señor de Láncara, no que conflúen boa parte das grandes liñaxes galegas, as casas de Traba, Altamira, Lemos, Sarmiento, Ulloa, Suárez de Deza, Osorio ou Láncara. Precisamente, o pazo era cofecido como pazo de Láncara cando, en 1933, ao morrer o seu dono sen descendencia o legou á deputación para que fose destinado a fins sociais. Na actualidade o pazo ten varios usos, para actos institucionais, docentes e como museo no que está depositada boa parte da colección artística da deputación.

A construción, en orixe defensiva, abandonou o seu carácter militar no século XVIII, cando se transforma en pazo, que é a denominación xenérica que reciben as edificacións situadas no campo que pasaron a cumprir a función de residencia temporal ou fixa da nobreza e fidalguía e que pola súa suntuosidade se

distinguían do resto das casas rurais das familias campesiñas. A arquitectura do pazo, de estilo barroco, presenta unha fachada principal na que destaca unha escalinata que dá acceso á entrada. Na súa parte baixa, dúas esculturas en pedra representan a dous serventes en actitude de recibir o que acaba de chegar. A fachada posterior dispón dunha ampla terraza cunha balaustrada granítica e escalinata de rica decoración barroca, que dá acceso ao xardín, atribuída a Fernando de Casas Novoa, autor da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago. A capela, xunto ao patio de armas, aínda que procede dunha primitiva fundación en tempos da segunda filla de Gómez Pérez das Mariñas, dona Constanza, que herdou a casa, foi reedificada no século XVIII, dentro das pautas estilísticas do Barroco. A edificación, de gran tamaño, ten dúas portas, unha na parte superior que dá acceso ao coro e outra na planta baixa. Destacan nela catro tallas do retablo, do século XVIII, atribuídas a José Gambino. A colección artística do pazo inclúe obras de autores galegos desde o século XIX aos nosos días: Modesto Brocos, Román Navarro, Dionisio Fierros, Jenaro Carrero, Ovidio Murguía, Sotomayor, Lloréns, Seijo Rubio, ou Isaac Díaz Pardo, entre outros.

Coma en todos os pazos, un dos elementos fundamentais era o xardín, no que está presente sempre a pedra, a auga e a vexetación, con zona hortícola, ornamental e arborado de grande interese

botánico. No xardín hai un pequeno embarcadoiro que, ademais de ser utilizado como lugar de lecer, servía para atravesar a ría antes da construción da ponte do Pedrido.



Real Academia de Nosa Señora do Rosario

A Coruña

Martes 18 de outubro, 20.00 h >> Paula Ríos

A Academia de Belas Artes do Rosario ocupa o edificio do que foi no seu día o Real Consulado do Mar, situado na rúa Panadeiras da Coruña, un edificio de finais do século XVIII, que foi construído orixinariamente por don José Ramos, un comerciante coruñés que vivía en Cádiz, como residencia particular aínda que, coma tal, non chegaría a ser habitada. Posteriormente foi arrendada polo Real Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña, logo da súa creación por Carlos III, en 1785. En 1793, pasou a ser propiedade do Estado, que a adquiriu pola cantidade de 290.000 reais de vélaro. Coa disolución dos consulados, en 1829, o edificio foi ocupado por diversos organismos. Alí permaneceu a chamada Biblioteca do Consulado, e é o único que queda daquela institución. A Academia de Belas Artes estableceu neste edificio a súa sede oficial en 1913 e o Museo de Belas Artes tivo alí a súa localización desde 1942 ata a inauguración da edificación actual, en 1995, no espazo do antigo convento de Capuchinas, situado nas inmediacións. Actualmente, o edificio acolle tamén a Academia de Xurisprudencia e Lexislación, a Academia de Gastronomía e a Academia Galega do Audiovisual.

Realizado en granito, consta de tres andares e un ático, engadido posteriormente, cando se cubriu a terraza deseñada nun principio por encarga

do propietario, a cal imitaba as terrazas das construcións gaditanas, un deseño que resultou pouco afortunado para a cidade da Coruña debido ás diferentes condicións climáticas.

Na fachada do edificio destaca, no primeiro andar, o gran balcón corrido e, no segundo, ábrese cinco portas balcón. No muro da fachada chama a atención o remate, cun frontón semicircular que acolle un reloxo aínda en funcionamento, cuxo son forma parte dunha paisaxe sonora, familiar para xeracións de veciños e veciñas da zona. Na súa estrutura interior, a construción artículase arredor dun patio cuberto cunha vidreira ao que se abren catro corredores abertos.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario foi unha das trece creadas en España polo Real decreto do 31 de outubro de 1849 como Academia Provincial de Belas Artes. Segundo o regulamento actualmente vixente, trátase dunha institución oficial consultiva da Administración en materia de protección e promoción das manifestacións artísticas en Galicia. Unha das súas principais misións foi o impulso da creación dun museo provincial como principal complemento dos estudos de Belas Artes, xerme do actual Museo de Belas Artes da Coruña.





Empresas e entidades colaboradoras... >>





“A diferenza entre unha vida extraordinaria e unha vida cotiá é encontrar un pracer extraordinario nas cousas cotiás”

NOTA DE CATA:

Cor amarela pallosa, intensa e limpa.

Destacan as notas varietais como herba seca e de froita como mazá e pera. Intenso toque de flores silvestres cun lixeiro fondo cítrico de lima.

Paso por boca intenso e graxo, con boa estrutura froito do traballo con lías. A densidade e untuosidade envolven o padal. O viño continúa cun final longo e persistente.

*Mellor Viño Branco
de Galicia*

XXIV CATA DE VIÑOS DE GALICIA

**INNS'
BRUCK**

**ALTE
MUSIK
INNS'
BRUCK
2016**



Descubre BAIONA



Fascinante!
www.turismodebaiona.com



CONCELLO
DE BAIONA

#movimientoribeiro



Ribeiro



www.ribeiro.es

@CRDO_Ribeiro
www.fb.com/DenominacionOrixeRibeiro
www.youtube.com/user/canalcorbeiro
www.instagram.com/crdo_ribeiro



Colaboran... >>



Concello de Baiona



Concello de Lalín



Concello de Palas



CONCELLO
DA GUARDA



Museo
Etnolóxico
Ribadavia



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Ribadavia



Real Academia Galega
de Belas Artes

Órganos de Galicia

CATALOGACIÓN E DIFUSIÓN
DO PATRIMONIO ORGANÍSTICO DE GALICIA




PARADORES
Hoteles & Restaurantes 1928

E tamén o noso a gradecemento a...

- > D. Gonzalo Fraga Vázquez, director do arquivo da catedral de Santa María de Lugo
- > D. Xosé Gómez Vázquez, párroco de San Salvador de Vilar de Donas
- > D. Francisco Rubia Alejos, investigador
- > D. Manuel Salcidos González, párroco da igrexa de Santa María de Baiona
- > D. Carlos Villanueva Abelairas, catedrático de Historia da Música da USC
- > D. Pedro Zas Esmoris, párroco de Santiago de Cereixo
- > Unidade de Atención Parroquial de Verín
- > Orde de San Bieito, mosteiro de Samos
- > Padres franciscanos da provincia de Santiago
- > Padres mercedarios do convento da Mercé de Sarria
- > Granxa de Outeiro
- > S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela
- > Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega
- > Centro Galego de Arte Contemporánea
- > Casa rural Abadía Eiras
- > Xosé Ameixeiras
- > Estevo Creus Andrade
- > Eva Gómez Diago

**Espazos
sonoros**

galicia



XUNTA
DE GALICIA